



ANIMALARIO DE EXPERIMENTACIÓN  
AREA DE INFRAESTRUTURAS DE  
INVESTIGACIÓN

Avda. Carballo Calero s/n  
27002 Lugo  
Tel. 982822123; 600942398  
Correo electrónico: [animalario.campusterra@usc.es](mailto:animalario.campusterra@usc.es)

## **TRABALLO BAIXO SUPERVISIÓN (TBS) NO ANIMALARIO DE EXPERIMENTACIÓN DO CAMPUS DE LUGO (UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)**

Desde a publicación da Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo de 2015, na que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, non é suficiente con superar un curso de formación para poder dispoñer do recoñecemento oficial que permita o traballo con estes animais. Para iso, tamén é necesario xustificar a realización dun Traballo Baixo Supervisión (TBS).

Segundo a Orde ECC/566/2015, o TBS defínese como o desenvolvemento das funcións nun contorno real de traballo, baixo o seguimento e control dun profesional competente nas tarefas obxecto de supervisión, unha vez superados os contidos teórico-prácticos dun curso.

En Galicia, os criterios que se deben cumprir e o procedemento que se debe seguir para a obtención da capacitación inicial do persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, están reflexados na INSTRUCIÓN AG/DF-EXP Nº 1/2024:

<https://agacal.xunta.gal/sites/default/files/formacion/profesionais/INSTRUCION-AG-DF-EXP-N-1-2024-CAPACITACION-INICIAL.pdf>

### **Quen pode realizar o TBS no Animalario de Experimentación da Área de Infraestruturas de Investigación da USC, no Campus de Lugo?**

- Calquera persoa que xustifique ter realizado e superado o curso de formación teórico-práctico para a obtención da capacitación nas funcións “a”, “b” e/ou “c”.
- Tamén pode facelo calquera persoa que non teña finalizado o curso de formación, si mantén una relación laboral coa USC ou está a realizar algunha estancia nun departamento ou servizo da empresa, sempre que teña concedida a autorización descrita no punto 2 do artigo 11 da Orde ECC/566/2015.

En calquera dos dous casos, a persoa interesada terase que poñer en contacto co Animalario e achegar a seguinte documentación:

1. Formulario cuberto de “Solicitud de realización de TBS”, dispoñible na web do Animalario, onde debe aparecer o nome do titor e o procedemento no que se inclúen os animais cos que se vai a traballar.
2. Fotocopia do DNI
3. Certificado do curso realizado ou autorización para realizar o TBS baixo supervisión antes de finalizar o curso de formación.
4. No caso de non dispoñer de ningún procedemento con animais asociado a este Animalario, o encargado de supervisar o TBS será o persoal técnico do Centro. Para iso hai que incluír no formulario de solicitude que se cita no primer punto, o nº de conta bancaria no que se facturará a tarifa estipulada.

#### **Quen pode ser o titor dun TBS?**

- Calquera persoa incluída no procedemento de investigación dos animais cos que se vai a realizar o TBS, e que dispoña da capacitación na mesma categoría que é obxecto de supervisión.
- Calquera técnico do Animalario que dispoña da mesma categoría que é obxecto de supervisión.

#### **Que prezo ten realizar o TBS no Animalario?**

- O supervisor/titor do TBS función “a” vai ser sempre un técnico do Animalario. A tarifa está colgada na páxina web da USC.

- As funcións das categorías “b” e “c” poden ser supervisadas por:

1. Persoal incluído no procedemento de investigación no que se atopen os animais cos que se vai realizar o TBS e que dispoña da capacitación a supervisar. Neste caso realizar o TBS no Animalario non ten custo.
2. Técnicos da instalación. A tarifa está colgada na páxina web da USC.

## **No marco de que proxectos se pode traballar baixo supervisión?**

En proxectos en vigor asociados a este Animalario e autorizados con diferentes finalidades científicas.

### **Duración do TBS**

Soamente é obrigatorio realizar o TBS nas categorías “a”, “b” e “c”. Cada unha destas categorías ten establecido un número mínimo de horas segundo a INSTRUCIÓN AG/DF-EXP Nº 1/2024 da AGACAL, podéndose prolongar ata que se supere a avaliación realizada polo supervisor.

- Función “a”: 25 horas / grupo de especies + 5 horas para cada grupo adicional.
- Función “b”: 15 horas/ grupo de especies + 5 horas para cada grupo adicional.
- Función “c”: 120 horas / grupo de especies + 20 horas para cada grupo adicional.

Transcorrido o período de aprendizaxe, o titor debe emitir un informe para acreditar as horas realizadas e avaliar se o alumno adquiriu as habilidades mínimas esixidas. Para iso cubrirá os anexos III, IV e/ou V (en función do TBS realizados) recollidos na seguinte ligazón:

<https://agacal.xunta.gal/es/formacion/carnes-diplomas-certificados-oficiales/bienestar-animal-en-la-investigacion-y-docencia>

O titor do TBS envirá as certificacións ó responsable administrativo do Animalario que cubrirá e certificará todos os datos solicitados no anexo II da instrución citada no parágrafo anterior.

O responsable administrativo do Centro entregarlle ó interesado a documentación que debe achegar ó Organismo Competente para solicitar a capacitación que lle permita traballar de forma autónoma nun Animalario.